

A Xunta de Portavoces, celebrará sesión o próximo día **15 de novembro de 2016**, ás **11:30** horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte:

- Punto 1. Lectura e aprobación, se é o caso, do borrador da acta da reunión do 4 de novembro de 2016.
- Punto 2. Audiencia sobre a determinación do trámite a partir do cal debe continuarse o procedemento lexislativo da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética 37326, (09/PPLI-000013) segundo o establecido no artigo 13.3 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia (DOG núm. 157, do 19.08.2015).
- Punto 3. Audiencia sobre a creación de comisións:
- Escrito do G.P. Popular de Galicia, do G.P. de En Marea, do G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, polo que solicitan a creación dunha Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade (doc. núm. 812, 10/SCNP-000001).
- Escrito do G.P. Popular de Galicia, do G.P. de En Marea, do G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, polo que solicitan a creación dunha Comisión especial non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres, (doc. núm. 813, 10/SCNP-000002).
- Escrito do G.P. Popular de Galicia, do G.P. de En Marea, do G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, polo que solicitan a creación dunha Comisión especial non permanente de estudo sobre a seguridade vial en Galicia, (doc. núm. 814, 10/SCNP-000003).
- Punto 4. Calendario de actividades para o período de sesións de novembro a decembro de 2016 e criterios de formación das ordes do día das sesións plenarias.
- Punto 5. Formación da orde do día da próxima sesión plenaria.



Punto 6. Comunicacóns, rogos e preguntas.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 08/11/2016 13:02:42